CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Desarrolla as características básicas da civilización exipcia		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora os seus propios esquemas.	TI	30
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Relaciona a época histórica que estudamos coa actualidade.		
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Identifica na cultura europea actual algún trazo da civilización grega		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo. - Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas. - Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.

UD	Título da UD	Duración
10	A civilización grega.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Identifica e explica os puntos principais da civilización.	PE	70
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Describe as características básicas da Hélade		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Recoñece e explica o patrimonio histórico.		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora os seus propios esquemas.	TI	30
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Responde preguntas sobre textos históricos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Valora a diversidade social e traballa pola inclusión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo. - Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

UD	Título da UD	Duración
11	Roma	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	É quen de analizar e comprender fontes históricas da Idade Antiga.	PE	70
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Explica a organización social, política, económica e relixiosa de Roma.		
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Explica e comprende a realidade de Roma.		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Recoñece e analiza o patrimonio artístico.		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora os seus propios esquemas.	TI	30
CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construindo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Entende a influencia de Roma na conformación da identidade europea.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Analiza criticamente os conceptos		
CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero.	Recoñece actitudes e feitos machistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.

Contidos

- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.
- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.
- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.
- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.
- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.
- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.
- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.
- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.
- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

UD	Título da UD	Duración
12	Hispania na Antigüidade.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Analiza e comprende fontes históricas antigas.	PE	70
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	É quen de explicar a evolución histórica de España e Galicia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Representa de forma gráfica a información histórica.		
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	É quen de explicar os elementos da cultura Universal do tema.		
CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Recoñece o valor patrimonial da arte conservada e a importancia da súa conservación		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora os seus propios esquemas.	TI	30
CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero.	Recoñece e rechaza os elementos e actitudes sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.

Contidos

- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.
- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respetto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia que permitan o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias poden xirar sobre as seguintes propostas.

Trátase de que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente.

A organización dos saberes de xeografía e historia, a súa programación e secuenciación poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial para poder traballalos dun xeito operativo, práctico e comprensible.

O papel estrutural dos procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, confire a esta materia un papel central á hora de establecer estratexias interdisciplinares como o traballo por proxectos incluso ao longo dos catro cursos da etapa, isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.

O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.

O desenvolvemento das competencias son o eixe vertebrador da didáctica docente, por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparecen e, se fora o caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...)

Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as habilidades, destrezas e intereses.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto da editorial OBRADOIRO Santillana
Apuntamentos e fichas do docente
Aula Virtual do Centro
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Novelas históricas, novelas gráficas, cómics
Prensa

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso. Ademais do libro de texto empregárase material complementario, incluso elaborado polo docente, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula.

O alumnado requirirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e boa presentación. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do traballo do alumno e do seu progreso.

Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual que poden realizarse e entregarse a través da plataforma. Así mesmo a Aula Virtual permite ao docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliábeis, e comunicarse co alumnado.

As novelas históricas adoitan ser atractivas para recrear feitos históricos e poden lerse na súa totalidade ou algún capítulo destacable.

Pode dispoñerse de Xogos de mesa de feitos históricos para ser empregados nalgunha ocasión.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén a aprendizaxe individual.

Actualmente o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do uso responsable.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos histórico-

xeográficos; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais.

Así mesmo é preciso unha proba diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización comentada de pequenos audiovisuais, pescudas....

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade.

Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantexarllas que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	10	5	10	5	10	10	10	10
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	100
Proba escrita	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30

Criterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 70% e o das táboas de indicadores un 30%.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedementais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósters; exposicións orais etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o

interese como aspecto a valorar. Para as rúbricas establécense os seguintes parámetros: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular 4, valores cos que logo se extrae a media.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= [(Media Ex. x 70)+ (Media rúbricas T.I.x30)] / 100.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 8 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso farase a media aritmética das tres avaliacións, se esta non supera o 5 o alumno/a poderá presentarse a un exame final en xuño das avaliacións que teña suspensas. Esa proba celebrarase sempre antes do remate oficial das clases, establecido para o 22 de xuño. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

Criterios de recuperación:

Cada avaliación terán a oportunidade de recuperar a materia nunha proba de recuperación.

Ademáis, para recuperar unha ou varias avaliacións suspensas haberá unha proba final en xuño.

En xuño, poderase mellorar (recuperar) a nota relativa á proba escrita e ás lecturas obrigatorias. Mantense a cualificación do resto dos instrumentos de avaliación. Cando o alumnado obteña, unha vez realizadas todas as ponderacións necesarias, unha nota superior ou igual a 5, considérase que está aprobado.

O alumnado que non supere a materia por avaliacións deberá presentarse á proba extraordinaria de finais de xuño.

A avaliación extraordinaria de xuño superárase cunha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicada a ponderación sobre as lecturas, de ser o caso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste curso non existe a posibilidade de ter alumnado con esta materia pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotívase máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

Formularanse medidas de reforzo tanto para o alumnado avantaxado como para o que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual...) de forma que o docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acade un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar pode ser unha adaptación do libro de texto seleccionando contidos e tarefas ou un caderno de traballo cos contidos adaptados elaborado polo docente co asesoramento do Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social			X					X
ET.2 - Educación ambiental	X	X	X	X	X			
ET.3 - Educación para a igualdade						X	X	X
ET.4 - Emprendemento					X	X	X	
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	X	X	X	X	X			
ET.7 - Educación para a paz						X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor	X		X	X	X			

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental				
ET.3 - Educación para a igualdade	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento				
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible				
ET.7 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor				

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	complementaria			
Asistencia a charlas	complementaria			
Excursións de interese didáctico	complementaria			
Roteiros didácticos	complementaria			
Proxeccións de cine	complementaria			
Asistencia a representacións teatrais	complementaria			

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Demostra coñecemento da materia

Planifica leccións, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Crea un ambiente de aprendizaxe en positivo
Emprega variedade de recursos
Motiva ao alumnado
Ofrece oportunidades de recuperación
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Resolve dúbidas
É innovador/a
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Revisa a realización das tarefas propostas
Valora o esforzo
Sabe dirixir as clases
Cumpriu co horario de clase
Valoración xeral da materia
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado
As actividades foron variadas e motivadoras
A temporalización foi adecuada
Realizouse a avaliación inicial
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Os criterios de cualificación foron axustados

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entornó a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos

resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía etc. Todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos etc. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

9. Outros apartados